

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 21 de decembro de 2021

Hora de comezo: 11:30 h

Hora de remate: 12:50 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Susana Reboreda Morillo (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Ángeles Parrillas Lata (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores
2. Informe da presidencia
3. Implantación do SGC: aprobación das conclusións do grupo de traballo en Información Pública
4. Implantación do SGC: constitución dos seguintes grupos de traballo
5. Obxectivo Calidade 7 da Eido - Certificación do SGC en 2021/22: decisión sobre a solicitude de certificación a ACSUG
6. Aprobación do IS interno do PD Análise Económica
7. Programación do Seguimento (interno + externo) + Acreditación convocatoria 2021/22
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Apróbanse por asentimento as actas das Comisións de Calidade da EIDO do 9 de xuño e do 15 de xullo de 2021.

2 Informe da presidencia

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas: Falta a resposta da modificación do P.D. Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (DocTIC).
- Renovación de acreditación: da convocatoria co curso 2020/21 xa recibimos todas as visitas pero ningún informe. Respecto á convocatoria do curso 2019/20 temos os informes finais de todos os programas enviados agás os de Biotecnoloxía Avanzada e de Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida, dos que temos os informes provisionais.
- Seguimento: tratarase no punto 6.

3 Implantación do SGC: aprobación das conclusións do grupo de traballo en Información Pública

O subdirector da EIDO e o técnico superior de calidade da Área de Calidade comentan o procedemento que se levou neste grupo de traballo.

As conclusións do grupo de traballo en Información Pública foron:

- Plan de comunicación da EIDO: a páxina web para a información institucional e as novas, DUVI coa etiqueta da EIDO, redes sociais, secretaría virtual para a xestión e Moovi para a comunicación cos estudantes matriculados
- Páxina Web da EIDO: en galego, castelán e inglés, cos formularios actualizados, sección de novas, indicadores, vídeos cos aspectos mais salientables, actividades formativas, información de contratos pre y post doutoriais (Euraxess), díptico de cada programa, saídas profesionais con entrevistas a egresados e publicidade
- Páxinas dos programas: información coherente coa páxina da EIDO e un enlace a esta. A información dos PDI incluírá o seu código ORCID

Apróbanse por asentimento as conclusións do grupo de traballo en Información Pública.

4 Implantación do SGC: constitución dos seguintes grupos de traballo

O técnico superior de calidade da Área de Calidade informa sobre os próximos procesos dos que crearemos os grupos de traballo. A proposta da composición de cada un deles é:

- Xestión da Calidade e Mellora Continua
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 1 / 2 Estudantes
 - 2 / 3 Resp. Calidade dos PD
 - 2 Xefes Área Académica
 - Xefe Sección Doutoramento do SXEP
 - Coordinador UAP (QSP)
 - Xefa da Área da Eido
- Xestión Documental
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 1 / 2 Estudantes
 - 2 / 3 Resp. Calidade dos PD
 - 2 Xefes Área Académica
 - Xefe Sección Doutoramento do SXEP
 - Vicesecretaria Xeral Técnica da Sec Xeral
 - Xefa da Área da Eido
- Dirección Estratéxica
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 1 / 2 Estudantes
 - 2 / 3 Resp. Calidade dos PD
 - Director da Eido
 - Director da Área de Sostibilidade / Plan Estratéxico UVigo
 - Directora da Área de Responsabilidade Social
- Xestión da Infraestrutura
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 1 / 2 Estudantes
 - 2 / 3 Coordinadores PD
 - Director da Eido
 - Vicerreitora de Investigación
- Xestión Académica – Admisión
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 1 / 2 Estudantes
 - 3 Coordinadores PD
 - 3 Xefes Área Académica
 - Directora da Área de Captación de Alumnado
 - Xefe Sección Doutoramento do SXEP
- Xestión Académica – Atención e Orientación
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 1 / 2 Estudantes
 - 3 Coordinadores PD
 - 3 Xefes Área Académica
 - Directora da Área de Captación de Alumnado
 - Xefe Sección Doutoramento do SXEP
 - Xefa do SIE??
 - Directora Emprego e Emprendemento / TS Orientación Laboral

Como PDI da Comisión de Calidade, ofrécense como voluntarios:

- Xestión da Calidade e Mellora Continua: María Asunción Longo González
- Xestión Documental: Paloma Morán Martínez
- Dirección Estratéxica: Pedro Pablo Gallego Veigas

- Xestión da Infraestrutura: María Asunción Longo González
- Xestión Académica – Admisión: Susana Reboreda Morillo
- Xestión Académica – Atención e Orientación: Susana Reboreda Morillo e Ángeles Parrillas Lata

A Comisión de calidade acorda por asentimento constituír estes grupos de traballo.

5 Obxectivo Calidade 7 da Eido - Certificación do SGC en 2021/22: decisión sobre a solicitude de certificación a ACSUG

O técnico superior de calidade da Área de Calidade informa sobre os pasos para conseguir a certificación do SGC. O obxectivo é conseguir desenvolver todos os procesos do SGC durante o ano 2022 para así solicitar á ACSUG a certificación do sistema. Neste senso, ACSUG informa que pode adaptar o prazo da convocatoria ao momento en que confirmemos que o SGC está implantado e en condicións de ser avaliado.

A Comisión de calidade acorda por asentimento solicitar a certificación do sistema en canto remate o desenvolvemento dos procesos, a presentación e sensibilización ao conxunto de actores dos programas de doutoramento, así como a súa posta en servizo.

Tamén informa sobre os requisitos para conseguir a acreditación institucional e as vantaxes de conseguila. A principal vantaxe é que simplifica enormemente os procesos verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación (que sería conxunta para todos os programas). Os requisitos son ter o SGC certificado e ter renovado a acreditación inicial de, polo menos, a metade dos PD activos responsabilidade da UVigo. Como estes dous requisitos os teremos ao longo do ano 2022, estaríamos en condicións de solicitar á acreditación da EIDO a finais de ano. Este punto traerase á aprobación nunha futura Comisión de Calidade.

6 Aprobación do IS interno do PD Análise Económica

A Comisión de calidade aproba por asentimento o IS interno elaborado polo técnico superior de calidade da Área de Calidade a partir dos informes elaborados polos 3 revisores nomeados pola comisión de Calidade da EIDO.

7 Programación do Seguimento (interno + externo) + Acreditación convocatoria 2021/22

O técnico superior de calidade da Área de Calidade informa que no novo real decreto 822/2021 suprimíuse a moratoria que afectaba os títulos de doutoramento. Debido a isto, neste curso 2021/22 ten que pasar a renovación da acreditación:

- PD en Análise Económica e Estratexia Empresarial (implantado no 2014/15, con moratoria de 2 anos)

Tamén o seguimento dos PD implantados no 2017/18:

- Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento
- Creatividade e Innovación Social e Sostible.

Os prazos de execución destes programas están pendentes de seren confirmados por ACSUG.

O director da Área de Calidade informa que este curso a ACSUG decidiu que faría ela os seguimentos.

Tamén, se informa da programación da renovación dos PD que son coordinados por outras universidades:

- PD Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura (implantado no 2014/15, con moratoria, coordina a U País Vasco)
- PD Química teórica e modelización computacional (implantado no 2014/15, con moratoria, coordina a U Autónoma de Madrid)
- PD Ciencias do deporte, educación física e actividade física saudable (implantado no 2016/17,

sen moratoria, coordina a UdC)

En relación co seguimento de programas coordinados por outras universidades, ao descoñecer a programación de cada axencia / universidade, traballaremos baixo demanda.

A Comisión de calidade aproba por asentimento a programación dos procesos de seguimento e acreditación.

8 Rolda aberta de intervencións

O responsable de calidade dos PD do ámbito Científico agradece á dirección da EIDO e a Área de Calidade o traballo realizado nestes meses.

ACORDOS

- 1 Apróbase as actas das Comisións de Calidade da EIDO do 9 de xuño e do 15 de xullo de 2021.
- 2 Apróbanse as conclusións do grupo de traballo en Información Pública
- 3 Acordase constituír 6 grupos de traballo do SGC
- 4 Apróbase solicitar a certificación do sistema en canto sexa posible
- 5 Apróbase o IS interno do PD Análise Económica
- 6 Apróbase a programación dos procesos de seguimento e acreditación

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente